

### **1.- II Incubadora de Sondaxes e Experimentos**

---

O pasado martes, 31 de xaneiro, rematou o prazo de inscrición para participar no concurso **II Incubadora de Sondaxes e Experimentos**. En total inscribíronse 38 grupos, 13 na categoría de 1º e 2º de ESO, 19 na categoría de 3º e 4º de ESO, e 6 de 1º e 2º de Bacharelato.

Toda a información do concurso está na páxina web da SGAPEIO: [www.sgapeio.es](http://www.sgapeio.es)

### **2.- Número 34 de Informest. Novembro 2011**

---

Xa está na páxina web da SGAPEIO (apartado de Publicacións) o **número 34** do boletín Informest.

### **3.- Cursos do Instituto Nacional de Estadística**

---

Na páxina web do *Instituto Nacional de Estadística* está dispoñible o programa de cursos da *Escuela de Estadística de las Administraciones Públicas* para o segundo semestre de 2012.

Máis información: <http://www.ine.es/ine/eeaapp/cursos.htm>

### **4.- VI Congreso de Educación Matemática de AGAPEMA**

---

A Asociación Galega de Profesores de Educación Matemática (AGAPEMA) organiza o VI Congreso de Educación Matemática, que terá lugar no IES Lucus Augusti de Lugo, os días 2, 3 e 4 de xullo de 2012.

Mais información: <http://www.agapema.org/?q=node/65>

### **5.- Bolsa FPI con cargo a proxecto do grupo MODES**

---

Convócase unha bolsa FPI para realizar a tese doutoral en Estatística e Investigación de Operacións con cargo ao proxecto “Inferencia Estadística para Datos Complejos y de Alta Dimensión: Aplicaciones en Análisis Térmico, Fiabilidad Naval, Genómica, Malherbología, Neurociencia y Oncología” do grupo de investigación Optimización e Inferencia Estadística (MODES) do Departamento de Matemáticas da Universidade da Coruña (UDC).

**Envío de solicitudes:** ata o 20 de febreiro de 2012.

Máis información: <http://eio.usc.es/pub/mte/descargas/UDC-AnunciobecaFPI.pdf>

## **6.- Bolsa FPI no IIM-CSIC de Vigo**

---

Convócase una bolsa FPI para investigación en modelado matemático, simulación, optimización e control de bioprocesos e biosistemas no Instituto de Investigacións Marinas de Vigo (IIM-CSIC).

Esta bolsa está asociada ao proxecto DPI2011-28112-C04-03: "INFERENCIA, MONITORIZACION, OPTIMIZACION Y CONTROL MULTI-ESCALA: DE CELULAS A BIORREACTORES (MULTISCALES)" do Grupo de Enxeñería de Bioprocesos do IIM-CSIC de Vigo.

Máis información: <http://eio.usc.es/pub/mte/index.php/es/noticias/138-beca-fpi-en-el-iim-csic-vigo>

## **7.- Xestor de proxectos I+D+i para proxecto "Severo Ochoa IAC 2012-2015"**

---

Contrato laboral temporal para a realización dun proxecto específico de investigación no marco de proxectos de desenvolvemento tecnolóxico no Instituto de Astrofísica de Canarias.

- **Presentación de solicitudes:** ata o 20 de febreiro de 2012.

- **Nivel de titulación:** Doutor, Licenciado, Enxeñeiro, Arquitecto (titulacións de ciclo largo) ou grao.

Máis información: <http://www.iac.es/info.php?op1=26&id=374>

Un saúdo,  
SGAPEIO  
Facultade de Matemáticas  
Campus Vida , s/n  
15782 Santiago de Compostela  
A Coruña (ESPAÑA)  
E-mail: [secretaria@sgapeio.es](mailto:secretaria@sgapeio.es)  
Web: <http://www.sgapeio.es>